



Estimadas familias:

Vigo, 9 de setembro de 2024

A ANPA DO IES ROU quiere propoñer un curso máis ós/ás vosos/as fillos/as **actividades extraescolares**. Seguiremos coas mesmas do curso pasado: natación, tenis de mesa, xadrez e moda.

Ofértanse tamén actividades para familias (pais/nais/titores e/ou alumnado) e outras só para o alumnado. A ANPA colaborará coa ANPA do IES ROSAIS II para facer actividades conxuntas nos dous centros.

Dado que son actividades xestionadas pola ANPA será preciso aboar a cota de socio da ANPA (recordamos que son 15 € por familia por curso). (**Enviamos anexo da forma de pago**).

**Todos/as os/as interesado/as podedes probar as actividades (previa inscrición) nas semanas do 1 e do 7 de outubro** (haberá un mínimo de participantes para poder desenvolver a actividade).

O prazo de inscrición (para comezar en outubro) será ata o **martes 24 de setembro** cubrindo o formulario (preferiblemente) que atoparedes no seguinte enlace: <https://forms.gle/mnCrPSchwCGQHmH8> ou/e por **mail** enviando estes datos (esta opción de mail sobre todo cando se anote despois do mes de outubro):

- Nome do alumno ou persoa inscrita e curso - Tfno e enderezo electrónico de contacto
- Dni e data de nacemento (por tema seguros) - Nome do pai/nai/titor/titora
- Actividades ás que se inscribe

Si algunha persoa decide anotarse despois de outubro sería posible, excepto natación que ten que ser con prazo máximo 23 de setembro, pero hai que ter en conta que as actividades non se desenvolverán sin un mínimo de inscritos.

#### **ACTIVIDADES OFERTADAS A PARTIRES DE OUTUBRO**

- **NATACIÓN:** Mércores 19 h. na piscina de Lavadores. 32,20 €/cuadrimestre
- **TENIS DE MESA** (alumnado de 1º a 4º ESO): Luns de 15 a 16 horas 15€/mes
- **XADREZ** (alumnado): Luns de 15 a 16 horas 16 €/ mes.
- **TALLER DE MODA:** Luns de 15 a 16 horas 21 €/mes
- **TEATRO** (alumnado): Luns de 15 a 16 horas 16€/mes
- **TEATRO** (alumnado): Mércores de 15 a 16 horas 16€/mes
- **TEATRO** (alumnado): Mércores de 17 a 18 horas 16€/mes
- **GUIARRA** (alumnado): Luns de 15 a 16 horas 16€/mes
- **GUIARRA** (alumnado): Mércores de 15 a 16 horas 16€/mes
- **GUIARRA** (alumnado): Mércores de 17 a 18 horas 16€/mes
- **PANDERETA** (pais/nais/titores e alumnado): Mércores de 17 a 18 horas 16€/mes
- **IOGA/PILATES** (pais/nais/titores e alumnado): Mércores de 18 a 19 horas 16€/mes
- **BADMINTON** (alumnado de 1º a 4º ESO): Mércores de 15 a 16.30 horas 24€/mes
- **BADMINTON** (alumnado de 1º a 4º ESO): Mércores de 17 a 18.30 horas 24€/mes
- **TALLER DE FOTOGRAFÍA E VÍDEO CON SMARTPHONE:** Luns de 14.45 a 16.15 horas 24 €/mes
- **TALLER DE FOTOGRAFÍA E VÍDEO CON SMARTPHONE:** Mércores de 14.45 a 16.15 horas 24 €/mes
- **BAILE MODERNO (alumnado):** Mércores 14.30 a 15.30 horas. 20 €/mes

**Os/as asistentes (alumnado) cuxa actividade sexa o luns ou o mércores ás 15 horas poderán quedar a comer no IES entre as 14.10 e 15 horas (previa reserva na cafetería).**

**Si se vos ocorre algunha nova actividade extraescolar, comentádenos e vemos si é factible poder contar con ela.**

Contamos coa vosa participación. Un saúdo

A ANPA DO IES ROU